

CONCURSO DE TRASLADOS: SOLICITUDE DE RETIRADA DO REQUISITO DE 1 ANO COMO FIXO

Desde **CCOO** temos solicitado ao SERGAS a modificación do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario, para eliminar o requisito de ter un ano de fixeza na praza como condición para poder participar no Concurso de Traslados.

Consideramos que este requisito limita innecesariamente a mobilidade do persoal estatutario fixo, xa que obriga a agardar un período mínimo dun ano desde a toma de posesión para poder concursar.

Con este cambio evitaríanse parte das Comisións de Servizo que se solicitan despois de cada proceso selectivo e a arbitrariedade na súa conceción, xa que:

- Non existe un procedemento nin criterios claros e homoxéneos.
- As decisións quedan á vontade de cada xerencia, xerando desigualdades entre categorías ou entre profesionais da mesma categoría.

Desde **CCOO** seguiremos reclamando cambios normativos que garantan a igualdade de trato, a transparencia e unha mobilidade real e efectiva para todo o persoal estatutario do SERGAS.

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOO

22 de xaneiro do 2026